

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

13360 *Real decreto 918/2017, do 23 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas, e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro.*

A Lei 46/2015, do 14 de outubro, pola que se modifica a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, introduciu un novo número 4 no artigo 92 e dispuxo que se establecerán, regulamentariamente, as medidas necesarias para que os órganos de avaliación para o ascenso informen da situación procesual dos avaliados a autoridade responsable da súa concesión.

O obxecto deste real decreto é modificar o Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro, conforme o novo número engadido na Lei 39/2007, do 19 de novembro.

Durante a súa tramitación, sobre o proxecto deste real decreto emitiron informe as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ás asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, o Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiu informe sobre el.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de outubro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro.*

Engádesse un novo número 3 ao artigo 4 do Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro, coa seguinte redacción:

«3. Unha vez publicada no Boletín Oficial del Ministerio de Defensa a zona de escalafón que contén os militares que poden ser avaliados para o ascenso, os xefes de unidade informarán directamente o mando ou xefatura de persoal con responsabilidade na xestión dos ascensos de se algún militar ás súas ordes incluído na fronte de avaliación da mencionada zona se encontra procesado ou inculpado ante a xurisdición militar, de conformidade coa Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, ou investigado ou encausado ante a xurisdición ordinaria, de conformidade coa Lei de axuízamento criminal, ou se se adoptaron medidas cautelares contra el nun proceso penal, ou se se incoou contra el procedemento disciplinario por falta moi grave, información coñecida en virtude da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, e da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das forzas armadas.

O mando ou xefatura de persoal transmitirá esta información ao órgano de avaliación correspondente para que a inclúa na acta dos resultados da avaliación, que elevará á autoridade responsable da concesión dos ascensos.

O xefe de unidade deberá pór directamente en coñecemento do mando ou xefatura de persoal con responsabilidade na xestión dos ascensos calquera variación da situación procesual dos avaliados que se produza mentres permaneza aberto o ciclo de ascenso, quen a trasladará á autoridade responsable da concesión dos ascensos no caso de ter finalizado o proceso de avaliación ou ao órgano de avaliación no caso contrario.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de outubro de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARÍA DOLORES DE COSPEDAL GARCÍA